

**MELLORA DA ACCESIBILIDADE E CONECTIVIDADE DAS
PARADAS DE AUTOBÚS SITUADAS NA RAEG
NA ZONA ESTE DA ATM DE A CORUÑA**

CLAVE: AC/22/047.06

1. Obxecto da Actuación

O obxecto do proxecto é definir, xustificar e valorar as actuacións que a Xunta de Galicia levará a cabo para a mellora da accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autonómica de Estradas (RAEG), na zona este da ATM da Coruña. As paradas sitúanse sobre as estradas AC-161, AC-162, AC-164 (concello de Bergondo), AC-122, AC-141, AC-564 (concello de Cabanas) e AC-163, AC-182, AC-183 (concello de Sada), todas na provincia da Coruña.

2. Plan de Estradas

As estradas AC-122, AC-141, AC-161, AC-162, AC-163, AC-182, AC-183 son estradas convencionais da Rede Local de Estradas da Xunta de Galicia, mentres que a AC-164 e AC-564 son estradas convencionais da Rede Estructurante de Estradas da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As actuacións tratan de dar cumprimento a normativa vixente de accesibilidade e utilización do transporte público, e consisten basicamente en:

- Mellora dos apartadoiros para autobuses e as súas cuñas de entrada e saída.
- Instalación de refuxios.
- Mellora e acondicionamento dos itinerarios peonís na entorna de 66 paradas. Os itinerarios contarán cunha anchura mínima accesible e disporán de pavimentos diferenciados (podotáctiles) e bordo separador da calzada.
- Mellora da sinalización horizontal e vertical.

Actuacións complementarias:

- Adecuación da rede de drenaxe. Reposición de servizos. Execución e instalación de canalización para servizos. Traslado de luminarias para conseguir itinerarios accesibles. Axuste de cota de sumidoiros, pozos ou arquetas existentes.
- Recuado e recolocación de contedores. Recuado de mobiliario urbano e sinais verticais afectado polas obras.
- Disposición de varandas metálicas de 90 cm en desniveis superiores a 55 cm.

4. Características técnicas

- Sendas: nos tramos onde na actualidade non existen beirarrúas executarase un itinerario peonil formado por unha senda de formigón delimitado por bordo estético de 0,15 x 0,22 metros. Cando a parada xa dispoña dunha beirarrúa, manterase a tipoloxía de pavimentos e bordos existentes.

- Apartadoiros para autobuses e cuñas: lonxitude de cuñas de entrada e saída: 30 m; lonxitude de carril de parada: 15 m; ancho do carril e cuñas 3,00 m.

- Refuxios: con carácter xeral colocaranse refuxios de tipo rural, agás nos núcleos urbanos consolidados que serán refuxios de tipo urbano. Nas paradas onde xa existe refuxio, será substituído, agás os que estean en moi bo estado e teñan dimensións superiores aos da Dirección Xeral de Mobilidade. Se o itinerario peonil ten ancho suficiente o refuxio sitúase próximo a calzada, deixando por diante do refuxio un ancho mínimo de 1,2 m (nunca inferior a 0,9 m), e por detrás un itinerario de 1,8 m como mínimo. Con itinerarios de ancho reducido, o refuxio sitúase xunto a liña de fachada e cerramento (a uns 30 cm), e por diante haberá un itinerario peonil accesible de 1,8 m. Nos casos de itinerarios de ancho insuficiente, o refuxio trasladarase ás zonas de cuña, preferentemente á cuña de saída, para ampliar o ancho do itinerario accesible.

Firmes e pavimentos:

- Explanada: nas zonas onde existe firme, pavimento de formigón, beirarrúa ou gabias, demolerase ata a profundidade necesaria e disporase dunha capa de regularización de terreo seleccionado e logo a capa de formigón da senda. Nas zonas onde se considerou necesario, engadíronse 10 cm mais aos espesores para darlle pendente transversal ás sendas. Onde é necesario ampliar a plataforma realizarase un recheo con terras de préstamo, sobre as que se dispoñen os 50 cm de chan seleccionado e logo o pavimento de formigón da senda.

- Pavimentos: as sendas estarán formadas por un recheo de espesor variable de 50 cm de solo seleccionado + 16 cm de formigón HF-3,5 vibrado, cor terrizo reforzado con maiazo, agás nas frontes de accesos rodados a predios que terá un espesor de 20 cm. Onde a senda existente é de mestura bituminosa, a sección será de 5 cm de mestura bituminosa AC 16 surf BC 50/70 S sobre unha base de 20 cm de saburra artificial. A anchura da senda será variable, cun valor mínimo de 1,8 m e a elevación con respecto a rasante será de 10 cm. Proxectase pavimento podotáctil (baldosas táctiles de botóns e de liñas lonxitudinais) e bordos de tipo: estéticos de formigón de 22 cm como límite coa calzada, rectos de 10x20 cm como transición entre o pavimento proxectado e o existente, ou achaflanados na marxe exterior da senda. Onde existen na actualidade beirarrúas, ampliaranse e acondicionaranse con pavimentos e bordos similares aos existentes, engadindo pavimentos podotáctiles. Nas zonas urbanizadas proxéctanse vaos peonís con características accesibles.

- Firme: as actuacións de firme consisten en lixeiras ampliacións de plataforma para configurar o aparcadoiro con largo suficiente ou completar as cuñas de entrada e saída: capa de solo seleccionado e espesor variable (50-75 cm), capa de 35 cm de saburra artificial ou 25 cm de lousa de formigón, capa intermedia de 10 cm de AC 22 bin BC 50/70 S e capa de rodadura de 5 cm de AC 16 SURF 50/70 S; cos seus correspondentes regos de adherencia e imprimación.

Estruturas:

Construiranse 2 muros de formigón armado, un en Cabanas de altura entre 1 e 2,5 m e outro en Sada de 1,5 m de altura; e 1 muro de colleira de 4,5 m de altura.

5. Poboación Servida

Bergondo	6.945 hab.	Cabanas	3.317 hab.	Sada	16.895 hab.
----------	------------	---------	------------	------	-------------

TOTAL: 27.157 habitantes (IGE 2023).

6. Concellos Afectados

Bergondo, Cabanas e Sada.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 62. A superficie de expropiación definitiva é de 3.802,29 m², das cales 2.461,95 m² son terreo urbanizado e 1.340,34 m² son terreo rural.

Expropiacións de terreos urbanizados	81.312,91 €.
Expropiacións de terreos rurais	19.581,58 €
Bens afectados	2.606,40 €.
Premio de afección 5%	5.071,94 €.
Total expropiacións e indemnizacións	108.572,83 €.

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de DEZAOITO (18) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	2.099.340,58 €.
Orzamento Expropiacións e Bens Afectados	108.572,83 €
Orzamento Ensaíos que superan o 1% OEM	36.926,33 €
Orzamento Servizos Afectados	13.078,78 €
Orzamento para coñecemento da administración	2.257.918,52 €.

